

*Amor verdadeiro*

Miro o ceo, penso, onde estará? Espero o meu amor, non o vexo. Vai frío, está nubrado. Non vexo as estrelas. Comeza a chover. As gotas lémbbranme que estou vivo. Sinto vacío. El non vai vir hoxe tampouco. Pecho a miña chaqueta, camino só. Escoito a música, lonxe, botellas rotas, alaridos na noite. Observo Orión, pregunto, onde estará? Silencio. Outra noite máis. Só na multitude. Só con todos, só de festa. Sempre só, sempre silencio. Rompen o meu corazón, os mozos que besan ás súas noivas no local. Escoito como para de latexar, como se creba por dentro. Desfágome. Sofro envexa e, pregunto, por que non pode ter iso eu tamén? Silencio.